

Memoria económica e administrativa relativa ao Acordo de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade do desenvolvemento de novas funcionalidades no sistema de axuda a explotación da mobilidade de Galicia

O obxecto do acordo é o establecemento das pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de novas funcionalidades no sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL) e o soporte ao mesmo por parte do Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA) durante un prazo mínimo de 12 meses.

O importe da achega da Consellería Infraestruturas e Mobilidade para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de douscentos trinta e nove mil oitocentos noventa euros (239.890,00 €) durante a anualidade 2023.

Serán obxecto de retención de crédito para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento:

- 09.02.512A.640.0, proxecto 2011-00253

ACTUACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2023	TOTAL (C/IVE)
09.02.512A.640.0	239.890,00 €	239.890,00 €
TOTAL	239.890,00 €	239.890,00 €

Posteriormente á formalización do presente acordo, a Amtega, remitirá á Dirección Xeral de Orzamentos este acordo xunto coa documentación





pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 07.01.571A.732.00 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa correlativa ampliación de crédito na aplicación 07.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014-00005, dos orzamentos da Amtega para a anualidade 2023.

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Antón García Río

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

(Documento asinado dixitalmente)

